

ASUNTO: Alegacións ó ANUNCIO do 28 de setembro de 2023, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, polo que se acorda someter ao procedemento de información pública e audiencia ás persoas interesadas o proxecto de decreto polo que se aproba o Plan de xestión da paisaxe protexida dos Penedos de Pasarela e Traba, nos concellos de Laxe e Vimianzo.

Dcon DNI

Enderezoe-mail.....

Presenta as seguintes **ALEGACIÓNS**:

1.- O Plan de Xestión dos Penedos carece dun estudo da propiedade que facilite a súa xestión: desde tarefas necesarias para previr os lumes ata permisos da propiedade para calquera actuación. É preciso un listado das parcelas, localizando onde se sitúen os penedos de maior relevancia, turbeiras, zonas de vexetación de ribeira, e outras: valados de terra seca, masas mixtas, ...

2.- Ausencia dun Área Perimetral de Protección que conecte a Paisaxe Protexida co val, e os Penedos do Pineo. É fundamental dado que as Directrices de Ordenación do Territorio recoñecen os Penedos de Pasarela e Traba como Área Estratégica de Conservación.

3. Non se contempla un Plan de Acción Paisaxística. Zonifícase a Paisaxe Protexida en función dos estudos e inventarios anteriores, sen describir unha zona de protección que para espazos tan pequenos é fundamental, pois é imposible controlar as ameazas dentro do límite das 212 ha. A razón esgrimida para non zonificar o espazo é que é de pequeno tamaño e moi homoxéneo cando en realidade non é así. O val e e os Penedos de Traba son exemplo de como nun espazo mínimo conviven variados ecosistemas que acollen unha rica biodiversidade. A Lei de Patrimonio Natural e Conservación da Biodiversidade de Galicia, establece no seu artigo 68 o sentido da zonificación.

5.- Non se ten en conta a Unidade Paisaxística, as fronteiras visuais. Establécense 212 ha de límite Non se delimita un área de exclusión de varios quilómetros ao redor da Paisaxe Protexida para evitar a contaminación paisaxística que suporía a posible instalación de muíños de vento nas proximidades do espazo. Hai unha ameaza real, presente, de instalación de varios parques eólicos na contorna. Muíños, infraestruturas, pistas de acceso, liñas aéreas e gabias de cableado con consecuencias irreversibles. Non se poden permitir as obras para a súa instalación en toda a área de influencia da Paisaxe Protexida fixando un radio de protección de entre 5-10 km, así como a eliminación dos parques eólicos existentes unha vez venzan os prazos de explotación.

O Decreto 294/2008, do 11 de decembro, no seu artigo 8 polo que se declara paisaxe protexida os Penedos establece a necesidade dun estudo de impacto e integración paisaxística. Este Plan debería establecer con claridade que non é compatible unha paisaxe de calidade cos xigantescos

muíños que rompen a súa harmonía tendo en conta que a Área de Desenvolvemento Eólico colle de cheo a Paisaxe Protexida. Insinúase que en 5 km á redonda, non debería haber ningún e na Memoria Inicial consta que: “A instalación de parques eólicos pode contribuír á eliminación de vexetación, afectar á permeabilidade dos solos ao provocar a alteración da orografía e do ciclo hídrico. Ademais, o seu funcionamento pode provocar efectos negativos na poboación de aves e de quirópteros”.

6.- O Plan de Xestión non concreta propostas para evitar as ameazas. Unha delas, na que o Plan debería afondar é a relacionada coa minería, en concreto á autorización para o aproveitamento de recursos da sección A) (Pedra da Barca), un permiso de investigación (Cantora, así como outra de código CE 6987.1 que foi solicitada, e por último o permiso de investigación 7.010 (Pasarela). Toda actividade mineira debe ser denegada non só dentro da Paisaxe Protexida, se non tamén en varios km ao redor.

Debería constar explicitamente que os cultivos forestais, as actividades industriais extractivas e enerxéticas así como a caza e os deportes motorizados serán incompatibles coa protección do espazo, o seu uso recreativo e de divulgación do patrimonio.

7.- Non consta a protección das augas. Ao redor da crista dos penedos nacen varios regatos que se concentran en 4 correntes principais: 2 van ao río Traba, e outras 2 discorren cara ao río Grande. Ao carón destas canles fluviais desenvólvense pequenos bosques de ribeira de frondosas autóctonas, prados, xuncais e brañas. A eliminación de especies exóticas tamén resulta estratéxica e prioritaria

8- Non figura un estudo detallado e necesario dos hábitats de interese da Paisaxe Protexida. Compre elaborar un inventario completo de flora e fauna. Establecer unha protección da vexetación natural asociada sobre todo a correntes de auga, turbeiras e pequenos humedais, promover usos tradicionais que non poñan en risco os valores destas zonas.

9- A situación dun aparcadoiro, nun espazo difícil de controlar, supón unha ameaza dado que se constata a existencia de escombros e vertidos incontrolados no Cruce do Brañal onde está previsto colocalo. Conviña instalar o aparcadoiro preto das casas e así evitar que os vehículos dos visitantes penetren no espazo protexido.

10- Non se contempla o deseño dun “Área Cortalumes” para a prevención de incendios e promover o cambio das especies arbóreas predominantes, o eucalipto e o piñeiro, por vexetación autóctona; matogueira e pradeira no entorno inmediato dos Penedos, e masas mixtas de arborado autóctono no resto do espazo.

....., a ... dede 2023

Ado:

